

Convocatoria da Sesión Ordinaria da Xunta Goberno Local para o 18 de xaneiro de 2021 (XGL 2/2021)

Conforme ó ordenado pola Alcaldía, por resolución do día 14 de xaneiro de 2021, e de acordo co previsto no art.113.1. e 2 do R.D. 2568/1986, como membro do seguinte órgano colexiado deste Concello, convócaselle á sesión **Ordinaria** da Xunta de Goberno Local que **terá lugar na Sala de sesións de Plenos** do concello de Carballo o **día 18 de xaneiro de 2021, ás 13:30 horas** en **primeira convocatoria**, e de non haber “quórum” suficiente, en segunda convocatoria unha hora despois.

Asi mesmo informáselle que a copia do borrador da Acta da sesión anterior foille remitida en formato PDF ó enderezo electrónico que consta na copia da notificación da convocatoria. Do mesmo xeito, comunícaselle que a partir desta data está á súa disposición, nesta Secretaría Xeral, a documentación dos asuntos que se inclúen na Orde do Día da presente convocatoria.

Sesión de: Xunta de Goberno Local	Data da sesión: 18-01-2021
Convocatoria: Sesión Ordinaria 2/2021	Hora: 13:30

Orde do día

1.- Acta da sesión anterior (04/01/2021). Aprobación

2.- Publicacións boletíns oficiais.

3.- Decretos. Dación de conta.

4.- Convenios

4.1.- Autorización para a realización de prácticas de formación en centros de traballo en base ao Convenio Marco de colaboración formativa asinado polo concello de Carballo e a Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia.

4.2.- Convenio específico para o desenvolvemento da formación en centros de traballo (Convenio núm 15002591-CMADG01-002-037) co IES Monteneme. (CONV. 01/2021). Dación de conta

4.3.- Adenda ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Carballo para financiar o proxecto “Deseño e creación dun espazo de traballo colaborativo no concello de Carballo” dentro da liña 2.2 PEL EMPRENDE 2018 do Plan de Emprego Local 2016-2019. Dación de conta.

5.- Subvencións.

5.1.- Subvención á Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gasto de persoal das oficinas de turismo 2021. Solicitude.

6.- Rogos e preguntas

O que se notifica ós correspondentes efectos.

En proba da recepción da convocatoria e a orde do día, no seu caso, sírvase asinar a presente.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2021/G007/000002

Documento asinado dixitalmente, en Carballo, na data que figura ao marxe.

O Secretario
D. José Villán Fuertes